

As prioridades da Presidencia española	
Data	5 de xullo de 2023
Lugar	En liña
Organización	Fundación Galicia Europa
Asistentes	<ul style="list-style-type: none">▪ Presidencia▪ Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes▪ Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda▪ Consellería de Economía, Industria e Innovación▪ Consellería de Facenda e Administración Pública▪ Consellería do Mar▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)▪ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN)▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
Relator	<ul style="list-style-type: none">▪ Juan Hernández Alfaro, conselleiro de Política Territorial na Representación de España ante a UE (REPER)

INTRODUCCIÓN

A directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, Ana Ramos, inaugurou o quinto encontro do ano do ciclo “FGE | NextGeneratiOn Galicia”, no que se abordaron as prioridades da Presidencia española do Consello.

Durante o encontro tamén se presentou o **informe relativo ás prioridades de Galicia ante a Presidencia española, elaborado pola FGE en cooperación con todas as Consellerías da Xunta de Galicia**. Tras ser validado polo Consello da Xunta, este documento foi enviado ó Ministerio de Política Territorial en abril no marco do grupo de traballo establecido para a implicación das comunidades autónomas na preparación desta Presidencia. O informe tamén foi exposto durante a **primeira reunión semestral** de 2023 do padroado da Fundación Galicia Europa.

RESUMO DA REUNIÓN

1. A PRESIDENCIA ESPAÑOLA

1.1. Última Presidencia completa da lexislatura

A un ano de que comece o novo ciclo democrático europeo, considérase fundamental que o maior número de propostas lexislativas vexa a luz e que aquelas estancadas nas negociacións do procedemento lexislativo poidan se finalmente aprobadas. Para isto, agárdase un papel destacado de España como presidencia rotatoria do Consello, a cal asumirá, durante o segundo semestre de 2023, un papel de coordinación e de liderado no impulso dos expedientes pendentes. As súas prioridades, presentadas a mediados de xuño, centraranse na transición ecolóxica e no reforzo da unidade europea, así como na reindustrialización da UE, na autonomía estratéxica e no impulso da xustiza social e económica.

A presente trátase da quinta Presidencia española (as anteriores foron en 2010, 2002, 1995 e 1989), a cal se fará cargo dun total de 354 expedientes, dos cales 154 son lexislativos. Destes, entre 80 e 90 están ou chegarán a fase de trílogos durante o semestre. Este récord estivo con anterioridade en mans de Austria, que fai cinco anos tamén tivo que xestionar unha presidencia de final de mandato.

1.2. O Comité organizador da Presidencia

O Comité organizador está presidido polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e conta con representación de todos os ministerios e da Presidencia do Goberno. Leváronse a cabo seis sesións plenarias dende a súa creación.

Conta, ademais, con dous soportes: a Oficina de Coordinación da Presidencia (OCPUE), coa súa sede en Presidencia do Goberno e encargada da loxística -v.g. reunións interministeriais, axenda e todas as actividades que se aportaron dende os distintos niveis, incluíndo as comunidades autónomas-, e a Secretaría Xeral para a UE, encargada dos contidos.

1.3. Contribucións das comunidades autónomas

- **Grupo de traballo na Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE)** que foi o responsable de canalizar as actividades propostas polas comunidades autónomas.
- **Documento da Delegación española do Comité Europeo das Rexións (CdR)**, que inclúe as principais prioridades da Delegación para o 2023 e propón formas de colaboración coa Presidencia española.

1.4. Calendario da Presidencia en Galicia

- 17-18 de xullo (**Vigo**)- Reunión informal de ministros de Pesca.
- 8 de setembro (**Lugo**)- Reunión sobre o envellecemento en Europa.
- 15-16 de setembro (**Santiago de Compostela**)- Reunión informal de ministros de Asuntos Económicos e Financeiros.
- 18-20 de setembro (**Santiago de Compostela**)- Encontros de autoridades competentes en produtos sanitarios.
- 20-22 de setembro (**Santiago de Compostela**)- Reunión de traballo de xefes de Axencias de Medicamentos.
- 21-22 de setembro (**Santiago de Compostela**)- Reunión se alto nivel sobre o futuro do traballo e do diálogo social.
- 26 de setembro (**Santiago de Compostela**)- Reunión de expertos: “Soberanía alimentaria europea: o papel da agricultura, a pesca e os consumidores”.
- 10-11 de outubro (**Vigo**)- Conferencia EuroOceans “Un océano, unha misión, unha década- Unha voz”.
- 24-26 de outubro (**Santiago de Compostela**)- Acto anual de Cooperación Territorial Europea.
- 9-10 de novembro (**Santiago de Compostela**)- Reunión de altos funcionarios de Diplomacia Cultural.

LIÑA PRIORITARIA DE ACCIÓN	CONTIDO	EXPEDIENTES LEXISLATIVOS DE RELEVANCIA	ACTOS DO CONSELLO
<p>Reindustrializar a UE e garantir a súa autonomía estratéxica aberta</p>	<p>A Presidencia quere promover:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expedientes que permitan o desenvolvemento de industrias estratéxicas en Europa. ▪ A apertura estratéxica das cadeas de subministro mediante a diversificación con socios como o CELAC. ▪ Unha estratexia global que garanta a seguridade económica e o liderado global da UE. ▪ A seguridade alimentaria, así como a seguridade e protección da saúde e do medio ambiente, tanto animal como vexetal. ▪ A descarbonización do sector pesqueiro, así como o reforzo da Política Pesqueira Común (PPC) no abastecemento e independencia alimentaria da UE. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proposta de Regulamento polo que se crea a Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP). ▪ Proposta de Regulamento polo que se establece un marco para garantir o subministro seguro e sostible de materias primas fundamentais. ▪ Proposta de Regulamento polo que se establece un marco de medidas para reforzar o ecosistema europeo de fabricación de produtos de tecnoloxías de cero emisións netas (Lei sobre a industria de cero emisións netas). ▪ Proposta de Regulamento polo que se establece o Instrumento de Emerxencia do Mercado Único. 	<p>A Presidencia quere promover a adopción de:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Conclusións que aborden: i) a ciencia no proceso de elaboración de políticas públicas; ii) os ecosistemas rexionais e locais de innovación no fortalecemento da cohesión territorial; iii) o impacto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) nas políticas de I+i e nas políticas sectoriais.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A mellora do procedemento de toma de decisións no acordo sobre a negociación dos totais admisibles de capturas (TAC), a través do establecemento de TAC plurianuais e a incorporación do análise socioeconómico nos informes científicos. ▪ O estudo do financiamento de axudas a grandes empresas a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo de Transición Xusta (FTX), o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e o Fondo de Cohesión, en función do nivel de desenvolvemento das rexións. ▪ O fomento do reforzo dos sistemas nacionais de patentes e a súa conexión cos sectores innovadores da UE, co ánimo de reforzar a soberanía industrial europea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proposta de Regulamento relativo á protección das indicacións xeográficas de produtos artesanais e industriais. ▪ Proposta de Regulamento polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial (Lei de intelixencia artificial). ▪ Proposta de Regulamento relativo ós vexetais obtidos con determinadas novas técnicas xenómicas e ós alimentos e pensos derivados. 	
--	--	---	--

LIÑA PRIORITARIA DE ACCIÓN	CONTIDO	EXPEDIENTES LEXISLATIVOS DE RELEVANCIA	ACTOS DO CONSELLO
<p>Avanzar na transición ecolóxica</p>	<p>A Presidencia quere:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Culminar a transición ecolóxica, socialmente xusta, promovendo a mitigación dos efectos do cambio climático e tendo en conta a exclusión social e a pobreza enerxética.</i> ▪ <i>Impulsar a descarbonización da economía europea mediante a adopción dos expedientes pendentes de “Obxectivo 55”</i> ▪ Axudar a poñer en marcha os resultados da COP-15 do Convenio de Nacións Unidas sobre Diversidade Biolóxica. En 2030, o 30% da superficie europea debe contar con figuras legais de protección ambiental. ▪ Impulsar o liderado internacional da UE na protección do medio mariño. ▪ Avanzar na definición das bases para o desenvolvemento dun mercado europeo do hidróxeno renovable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proposta de Regulamento para mellorar a configuración do mercado da electricidade da Unión. ▪ Proposta de Regulamento polo que se insta un marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables ós produtos sostibles. ▪ Proposta de Regulamento relativo ós mercados interiores do gas natural e dos gases renovables e do hidróxeno e Proposta de Directiva relativa ás normas comúns para os mercados interiores do gas natural e dos gases renovables e do hidróxeno. ▪ Proposta de Directiva sobre o tratamento de augas residuais urbanas. 	<p>...</p>

LIÑA PRIORITARIA DE ACCIÓN	CONTIDO	EXPEDIENTES LEXISLATIVOS DE RELEVANCIA	ACTOS DO CONSELLO
<p>Impulsar unha maior xustiza social e económica</p>	<p>A Presidencia quere:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Avanzar na cohesión económica, social e territorial das rexións con desequilibrios naturais e xeográficos, garantindo a calidade e o modo de vida rural.</i> ▪ Impulsar a análise máis aló do criterio de renda, modificando o cálculo das cláusulas de co-financiamento e os de concentración temática. Fomentárase a inclusión de criterios relativos á exposición ó cambio climático, á taxa de desemprego e de desemprego xuvenil, á exclusión social, ó abandono escolar ou á presión migratoria. ▪ Impulsar o retraso do peche do período 2014-2020 en doce meses adicionais, <i>co obxectivo de maximizar as taxas de absorción dos fondos.</i> ▪ Impulsar a dimensión social no marco de gobernanza económica do Semestre Europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proposta de Regulamento do Consello polo que se modifica o Regulamento polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027. ▪ Proposta de Regulamento relativo ás orientacións da Unión para o desenrolo da rede transeuropea de transporte ▪ Proposta de Directiva do Consello sobre normas relativas ós organismos de igualdade no ámbito da igualdade de trato entre as persoas, da igualdade de trato entre as persoas en asuntos de emprego e ocupación e da igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social e no acceso a bens e servizos e o seu subministro. 	<p>A Presidencia quere promover a adopción de:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Conclusións en materia de democracia no traballo e de negociación colectiva verde. ▪ Conclusións en relación co impulso á protección social dos autónomos. ▪ Conclusións sobre a dixitalización dos sistemas de seguridade social. ▪ Conclusións sobre o pobo romaní.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Abordar o reto demográfico e a loita contra o despoboamento.</i> A Presidencia impulsará un mecanismo informal de traballo que contribúa a orientar as iniciativas neste ámbito. ▪ Fortalecer o Estado de benestar europeo. ▪ <i>Reformar a gobernanza económica, con regras fiscais máis xustas, realistas e predicibles, que permitan ós Estados membros financiar as políticas e os servizos públicos mantendo a estabilidade.</i> ▪ <i>Progresar nas iniciativas e obxectivos fixados no Plan de Acción do Pilar Europeo de Dereitos Sociais.</i> ▪ Pechar un acordo cos axentes sociais europeos en materia de teletraballo e dereito á desconexión dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recursos propios: <ul style="list-style-type: none"> ○ Proposta de Regulamento do Consello polo que se modifica o Regulamento 2021/768 no que se refire ás medidas de execución dos novos recursos propios da UE. ○ Proposta de Regulamento do Consello sobre os métodos e o procedemento de posta a disposición dos recursos propios baseados no réxime de comercio de dereitos de emisión, o Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono e os beneficios reasignados e sobre as medidas para facer fronte ás necesidade de tesourería. ▪ Posposta de Directiva relativa á mellora das condicións laborais no traballo en plataformas dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conclusións en materia de saúde mental e precariedade laboral. ▪ Conclusións en materia de cuidados centrados na persoa. ▪ Conclusións sobre a capacitación dixital para a protección dos dereitos fundamentais. ▪ Conclusións da Presidencia sobre modelos flexibles e coherentes de protección das rendas. ▪ Unha Recomendación en materia de rendas mínimas.
--	--	---	---

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisión do Pacto de Estabilidade e Crecemento: <ul style="list-style-type: none"> ○ Proposta de Regulamento relativo á coordinación eficaz das políticas económicas e á supervisión orzamentaria multilateral. ○ Proposta de Regulamento do Consello polo que se modifica o regulamento relativo á aceleración e clarificación do procedemento de déficit excesivo. ○ Proposta de Directiva do Consello pola que se modifica a Directiva sobre os requisitos aplicables ós marcos orzamentarios dos Estados membros. ▪ Proposta de Directiva sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Unha Recomendación sobre os factores facilitadores clave para o éxito da educación e da formación dixitais. ▪ Unha Recomendación sobre a mellora da oferta de competencias dixitais na educación e na formación. ▪ Unha Declaración tripartita cos interlocutores sociais europeos en relación co Ano Europeo das Capacidades. ▪ Unha Declaración para avanzar na loita contra a pobreza e na protección da infancia.
--	--	--	--

		<ul style="list-style-type: none">▪ Proposta de Regulamento do Consello relativo á competencia, ó Dereito aplicable, ó recoñecemento das resolucións e á aceptación dos documentos públicos en materia de filiación e á creación dun certificado de filiación europeo.▪ Proposta de Directiva pola que se modifica a Directiva relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas.▪ Proposta de Directiva pola que se establecen normas comúns para promover a reparación de bens.	<ul style="list-style-type: none">▪ Unha Declaración para ampliar os coidados na infancia e na adolescencia.▪ Unha Declaración sobre a loita contra o fenómeno sen teito.
--	--	---	--

LIÑA PRIORITARIA DE ACCIÓN	CONTIDO	EXPEDIENTES LEXISLATIVOS DE RELEVANCIA	ACTOS DO CONSELLO
<p>Reforzar a unidade europea</p>	<p>A Presidencia quere:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Apoiar a revisión dos procedementos de toma de decisións na UE, especialmente mediante a ampliación do uso da maioría cualificada.</i> ▪ Poñer en valor a participación e a visibilidade dos entes subestatais, profundando na cooperación con órganos como o Comité europeo das Rexións (CdR). ▪ Avaliar o mecanismo de diálogo sobre o Estado de Dereito. ▪ <i>Reforzar a relación cos socios estratéxicos da UE, con particular atención a América Latina e o Caribe, Estados Unidos, o Mediterráneo, África, os Balcáns Occidentais e os demais países da veciñanza europea.</i> ▪ <i>Avanzar no proceso de adhesión dos países candidatos.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pacto sobre Migración e Asilo: <ul style="list-style-type: none"> ○ Proposta de Regulamento sobre a xestión do asilo e a migración. ○ Proposta de Regulamento polo que se introduce un control de nacionais de terceiros países nas fronteiras exteriores. ○ Proposta de Regulamento relativo ás situacións de crisis e de forza maior no ámbito da migración e o asilo. ▪ Proposta de Regulamento sobre o estatuto e o financiamento dos partidos políticos europeo e as fundacións políticas europeas. 	<p>A Presidencia quere promover a adopción de:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Conclusións sobre Ampliación. ▪ Conclusións sobre o mecanismo europeo do Estado de Dereito. ▪ Conclusións sobre a asociación estratéxica UE-América Latina e Caribe.

	<ul style="list-style-type: none">▪ <i>Manter a unidade dos Estados membros e socios internacionais no apoio a Ucraína.</i>▪ Promover a revisión da Nova Axenda para o Mediterráneo.	<ul style="list-style-type: none">▪ Proposta de Regulamento sobre a transparencia e a segmentación da publicidade política.▪ Proposta de Regulamento relativo á elección dos deputados ó Parlamento Europeo por sufraxio universal directo.	
--	---	--	--

INFORME SOBRE AS PRIORIDADES DE GALICIA ANTE A PRESIDENCIA ESPAÑOLA

O **documento** describe a acción de Galicia en 16 ámbitos clave, co obxectivo de contribuír ós debates exploratorios que se organizarán no marco da Presidencia. Nalgúns casos, alúdese expresamente a expedientes legislativos en curso de negociación co ánimo de informar sobre a posición de Galicia, sen prexuízo de que esta posición sexa trasladada polas canles habituais: institucionais (Consello, Comité Europeo das Rexións) ou informais, mediante a súa oficina de representación en Bruxelas (Fundación Galicia Europa). Tales prioridades detállanse a continuación:

- 1) **Pacto Verde Europeo:** Galicia está firmemente comprometida coa neutralidade climática en 2050, se ben defende a necesidade de adaptar ben os tempos e contar con recursos necesarios para acompañar ós sectores máis afectados pola transición ecolóxica (como pode ser o da automoción), xa que esta transición suporá unha transformación en profundidade da economía, cambios estruturais nos modelos de negocio e novos requisitos en materia de cualificacións.
- 2) **Automoción:** precisamente neste ámbito obxecto de transición, Galicia avoga, xunto co resto das rexións automobilísticas, polo establecemento de apoio financeiro para o sector, xa sexa a través dun Mecanismo de Transición Xusta específico ou dun capítulo de transición xusta na futura política de cohesión posterior a 2027.
- 3) **Pesca:** deféndese a importancia da PPC como política común que concilia os obxectivos medioambientais coa actividade económica e os aspectos sociais, así como o importante papel dos produtos da pesca e a acuicultura como fonte de alimentos saudables e a súa contribución á seguridade alimentaria da UE. Coincidindo ademais coa Presidencia española, Galicia lidera un ditame no Comité Europeo das Rexións en resposta ó paquete de política pesqueira presentado pola Comisión europea en febreiro de 2023.
- 4) **Xestión do lobo:** a Comisión Europea comprometeuse a analizar os datos sobre a situación do lobo na UE, así como as medidas de xestión que se están aplicando nos Estados membros. Os datos galegos confirman a evolución positiva desta especie en Galicia, polo que o Goberno galego defende un maior equilibrio entre a conservación da especie e a supervivencia do medio rural e do sector gandeiro.
- 5) **Execución do MRR:** Galicia está firmemente comprometida cunha boa execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en España para contribuír a que o Plan de Recuperación para Europa sexa un éxito. Dende unha perspectiva autonómica, propóñense solucións para optimizar a xestión destes recursos.

- 6) **Cohesión:** no incipiente debate sobre a política de cohesión post-2027, Galicia alerta non só sobre a necesidade de avaliar ben a execución do MRR, senón tamén sobre a necesidade de facelo dende unha óptica rexional, para poder sacar conclusións de cara a unha posible incorporación dos elementos que desen bos resultados.
- 7) **Enerxía:** Galicia é un referente en enerxías renovables. Actualmente, o 74% da electricidade producida na nosa rexión procede de fontes renovables, pasando o obxectivo previsto pola UE para 2030. Galicia é líder en solucións flotantes para aerogeradores e conta con recursos eólicos para converterse nunha potencia no ámbito da eólica mariña. Defende a súa coexistencia co sector pesqueiro, abrindo espazos de debate, nos que participa tanto o sector industrial como pesqueiro, para identificar as mellores vías para alcanzala.
- 8) **Materias primas críticas:** Galicia conta con reservas en 15 dos 34 minerais definidos como estratéxicos pola UE e coa única mina de coltán en Europa actualmente en explotación. A través da Axencia galega da Minería impúlsase a capacitación de talento dos mozos e anímase ó sector á súa constante evolución, buscando técnicas innovadoras que avoguen pola sostibilidade e optimicen a extracción de minerais.
- 9) **Reforma do mercado da electricidade:** Galicia elaborou un proxecto de Lei de Promoción dos Beneficios Sociais e Económicos dos Proxectos que Utilizan os Recursos Naturais de Galicia (LPBSEPURNG). Trátase dunha iniciativa pioneira a nivel europeo, en liña coa proposta para reformar o mercado eléctrico que se debaterá durante a Presidencia española, a cal pode servir como xerme para a creación dun mercado europeo de bonos verdes apoiados por contratos a prazo cun prezo fixo (PPAs) orixinados por pemes.
- 10) **Investigación, desenvolvemento e innovación:** o sistema galego de I+i sitúase nunha posición intermedia en relación coa súa dimensión e grao de madurez, se ben nos últimos anos está mostrando unha evolución cara a un maior nivel de desenrolo e capacidade, pasando de ser a décimo primeira comunidade autónoma en 2019 na lista de clasificación nacional de innovación á octava en 2021.
- 11) **Ano europeo das capacidades:** Galicia conta dende fai máis dun ano coa Axenda Galega de Capacidades para o emprego, no que a converte na segunda rexión europea con unha estratexia similar, inspirada na Axenda Europea das Capacidades. Co apoio do MRR e do Fondo Social europeo Plus (FSE+), está poñendo en marcha un pacto polas capacidades, a dixitalización do Servizo de emprego de Galicia empregando intelixencia artificial e unha plataforma de valorización do talento.
- 12) **Rede Transeuropea de Transporte:** Galicia demandou a revisión desta rede, facendo fincapé no Corredor Atlántico Noroeste e na conexión ferroviaria transfronteriza, tanto con Portugal como con Francia.

- 13) **Axenda dixital:** o Goberno galego conta coa Estratexia Galega de Intelixencia Artificial (EGIA) e elaborou un estudo sobre o marco ético-normativo e o potencial impacto da adopción destas tecnoloxía en Galicia. Ademais, Galicia converterase nunha das poucas rexións cunha Lei de Intelixencia Artificial propia, a cal se agarda que sexa aprobada en outono de 2023.
- 14) **Turismo:** Galicia está comprometida co itinerario de transición do turismo e traballa pola aplicación da Axenda Europea do Turismo, consensuada en decembro polo Consello da UE.
- 15) **Macrorrexión atlántica:** Galicia apoia a creación desta macrorrexión a nivel europeo, baseándose na experiencia acumulada dende 2010 coa macrorrexión informal RESOE, que agrupa a seis rexións españolas e portuguesas no noroeste peninsular.
- 16) **Retos demográficos:** Galicia aposta por revisar o concepto de “zona escasamente poboada” que se aplica na UE, de forma que tome en consideración a evolución da poboación nos territorios, a dispersión da poboación, o sobreenvellecemento ou a baixa natalidade.

LIGAZÓNS DE INTERESE

WEB e PROGRAMA- Presidencia española do Consello

NOTICIA FGE- *A Xunta achégase ás prioridades da recentemente estreada Presidencia española do Consello*

ANÁLISE FGE- *Prioridades de Galicia ante a Presidencia española do Consello da UE*

DOCUMENTO de prioridades para o 2023 da Delegación española do CdR